REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

Día: 31.05.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 31 de maio de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais

1.1 6195 (10/POC-001079)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reapertura das delegacións da RTVG pechadas, o aproveitamento da boa relación existente coa Radio e Televisión de Portugal e o funcionamento na actualidade do novo servizo do Porto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017

1.2 6541 (10/POC-001139)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula
Sobre as previsións de reapertura de novas delegacións da CRTVG, así como as razóns existentes para non negociar cos representantes sindicais a súa estrutura e o novo modelo de clasificación profesional
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017

1.3 7137 (10/POC-001238)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a información emitida o 24 de marzo de 2017 nos informativos do mediodía da CRTVG en relación cun veciño coruñés ao que lle entraron a roubar en varias ocasións nunha casa e lle agrediron a súa dona
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017

1.4 8125 (10/POC-001418)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 3 máis
Sobre a decisión de suprimir a emisión do espazo informativo diario da TVG "O Agro"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017

1.5 8168 (10/POC-001420)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a valoración da CRTVG en relación coa emisión desde o ano 1991

PARLAMENTO
DE GALICIA

do programa "O Agro", as súas previsións respecto da súa eliminación da programación da TVG e, sé e o caso, as razóns desa decisión, así como a renovación do convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a súa emisión e a valoración da posibilidade de destinar espazos á posta en valor do medio rural entre as persoas máis novas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 110, do 04.05.2017

1.6 8183 (10/POC-001423)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as razóns da demora e o prazo previsto para o asinamento do contrato programa da CRTVG reflectido na Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, así como os datos referidos á programación da grella da Televisión de Galicia e da Radio Galega que depende de convenios e/ou subvencións asinados ou procedentes dalgunha administración pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 110, do 04.05.2017

1.7 8663 (10/POC-001530)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre a valoración da CRTVG en relación co desenvolvemento e resultados da iniciativa "Destino Santiago", a través da cobertura en directo, durante corenta días, da peregrinación dunha cantante e dun músico polo Camiño Francés desde Roncesvalles a Santiago de Compostela, así como as súas previsións respecto do desenvolvemento de novos proxectos dentro deste formato denominado "televisión lenta"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 113, do 11.05.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017

Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P

Vicepresidenta

María Ángeles Antón Vilasánchez	P

Secretaria

Paula Vázquez Verao	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 31.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 31.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 6195(10/POC-001079)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reapertura das delegacións da RTVG pechadas, o aproveitamento da boa relación existente coa Radio e Televisión de Portugal e o funcionamento na actualidade do novo servizo do Porto

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2017 16:32
Nº Rexistro: 6195
Data envio: 07/03/2017 16:32:14.004

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente de Control da CRTVG.

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia apoiou unha iniciativa que xa fora proposta en anteriores ocasións polo PSdeG-PSOE: a reapertura das delegacións da RTVG que foron pechadas sorprendentemente polo Goberno de Núñez Feijoo.

O peche das delegacións supuxo unha notable mingua do servizo público que ten a obriga de prestar a RTVG no territorio, provocou a contestación político-social das cidades afectadas e orixinou denuncias dos representantes dos traballadores da corporación polo despedimento e as formas.

Tendo en conta que, en diferentes ocasións, o director xeral da RTVG fixo referencia á boa situación económica da corporación, o PSdeG-PSOE non atopa razóns xustificables para que se evite a reapertura das delegacións.

Polos motivos expostos, solicitamos a reapertura das delegacións da RTVG que foron eliminadas, e precisamos coñecer en que situación se atopa a reapertura da delegación ou correspondencia -como a RTVG considere oportuno denominar- en Porto, por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto a CRTVG a reapertura das delegacións que foron pechadas?

2ª) Estase a aproveitar a boa relación da que o director xeral ten falado coa Radio e Televisión de Portugal?

3ª) Está funcionando xa o novo servizo de Porto e en que condicións?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2017 16:32
Nº Rexistro: 6195
Data envio: 07/03/2017 16:32:14.004

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2017

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 07/03/2017 16:28:03

Noela Blanco Rodríguez na data 07/03/2017 16:28:17

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 31.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 6541(10/POC-001139)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións de reapertura de novas delegacións da CRTVG, así como as razóns existentes para non negociar cos representantes sindicais a súa estrutura e o novo modelo de clasificación profesional

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2017 10:36
Nº Rexistro: 6541
Data envio: 14/03/2017 10:36:13.830

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión da CRTVG,** relativa ás delegacións da CRTVG.

A VOLTAS COAS DELEGACIÓNS DA CRTVG

O 6 de febreiro de 2016, o alcalde de Ferrol, Jorge Suárez, solicitou que volvan abrir as delegacións de CRTVG, clausuradas o 30 de novembro do 2010 no marco da reorganización dos Informativos da canle e que tamén afectou as delegacións de Pontevedra, Burela, Porto e Bruxelas. En Ferrolterra hai máis de 200.000 persoas.

O actual pleno da corporación municipal pontevedresa, como xa fixera o anterior, aprobou en maio de 2016 por unanimidade unha moción para instar á Xunta a reabrir na cidade a delegación da CRTVG, suxerindo que se aproveite a rehabilitación do antigo edificio público de Benito Corbal para aloxar as instalacións do medio de comunicación.

Estas solicitudes evidencian unha necesidade social que a CRTVG desatende pola incapacidade de compromiso de servizo público do seu actual equipo directivo, que só xustifica a súa xestión desde un punto de vista económico e mercantilista.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2017 10:36
Nº Rexistro: 6541
Data envio: 14/03/2017 10:36:13.830

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Das delegacións privatizadas á escasa descentralización da CRTVG

O 30 de novembro do 2010 a dirección de TVG pechou cinco delegacións territoriais, (Pontevedra, Ferrol, Burela, Porto e Bruxelas) o que obrigou á reorganización do traballo e da cobertura informativa e supuxo a ruptura coas produtoras coas que se contrataba a información xerada fóra de Santiago, na súa maioría vencelladas a xornais locais. A partir do 1 de decembro dese ano, a televisión autonómica galega pasa a xestionar directamente os medios técnicos e persoais de catro das cinco delegacións que permaneceron abertas (A Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Madrid). Dos máis de 130 traballadores afectados polo peche das delegacións arredor de 25 perderon o emprego.

A decisión de asumir as delegacións rematou coa externalización do servizo descentralizado dos informativos, implantado desde as orixes da canle autonómica e que motivou ducias de sentenzas xudiciais que declaraban ao persoal indefinido na CRTVG por cesión ilegal. Dese xeito, a CRTVG tiña a obriga de asumir os custos laborais do persoal das delegacións e só pagaba unhas cantidades inxustificadas ás produtoras polos medios técnicos que se empregaban.

Entón, desde a súa inauguración, a TVG xestionou só os servizos informativos centralizados en Santiago, mentres que para as delegacións recorreu a empresas privadas de produción, que aportaron medios técnicos e persoais. Porén, a modificación que aplica a Lei Xeral de Comunicación Audiovisual, aprobada polo Congreso dos Deputados no ano 2010 e que establecía que as televisións non poden ceder a terceiros a produción e edición dos programas informativos puido influír na decisión de asumir eses centros de traballo descentralizados, aínda que o que realmente precipitou a medida foron as constantes sentenzas condenatorias por cesión ilegal de traballadores e traballadoras ás que a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2017 10:36
Nº Rexistro: 6541
Data envio: 14/03/2017 10:36:13.830

compañía que dirixía e dirixe Alfonso Sánchez Izquierdo estaba a facer fronte desde había anos.

Daquela, un total de 5 traballadores das delegacións tiñan sentenzas firmes que os consideraba persoal de CRTVG, polo que quedaron integrados definitivamente no cadro da TV autonómica. Outros 37 con sentenzas favorables en primeira instancia correron a mesma sorte, alomenos segundo as previsións de TVG, mentres que a peor parte da remodelación levárona os traballadores que non presentaron recurso ou os 15 que estaban pendentes de xuízo ou de sentenza, que podían ficar sen traballo.

Agás a delegación de Bruxelas, contratada coa produtora Alice, o resto das dez con que contaba a TVG estaban cubertas por empresas galegas. Catro delas, vinculadas aos xornais La voz de Galicia, La Región e El Progreso, para as delegacións de A Coruña, Madrid, Ourense e Lugo. A externalización das delegacións supuña un gasto anual de 11 millóns de €.

As necesidades obrigan a recuar

A CRTVG viuse obrigada pola xustiza e a lexislación a xestionar directamente todos os seus centros de traballo. Coincidindo co peche das delegacións mencionadas, a dirección da compañía anunciou tamén que a delegación de Madrid, que daquela xestionaba a produtora do diario La Región, pasaría a cubrirse polo ente público, aínda que fontes sindicais aseguraron que o servizo o prestaría a privada Quezán.

Pero igual que ocorreu coas delegacións en territorio galego, peche da corresponsalía de Bruxelas deixou sen cobertura informativa de primeira man sobre os asuntos de interese para Galicia que se producían nas institucións comunitarias. Durante anos a CRTVG viuse obrigada a desprazar constantemente persoal desde Compostela ata a capital belga para a cobertura de feitos noticiosos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2017 10:36
Nº Rexistro: 6541
Data envio: 14/03/2017 10:36:13.830

moi relevantes ou para informar de visitas de delegacións galegas que, basicamente, estaban conformadas por conselleiros e conselleiras ou encabezadas polo presidente da Xunta. Porén, quedaron moitas informacións sen unha correcta cobertura pola inexistencia da histórica corresponsalía no centro de decisións da Comunidade Europea.

Seguindo con esta política de recuar forzada polas necesidades, o medio público tamén vén de anunciar un convenio de dous anos coa RTP, a televisión pública portuguesa, para intercambiar e desenvolver conxuntamente producións audiovisuais. Como consecuencia dese convenio, un redactor dos servizos informativos da Televisión de Galicia comezou a traballar en Porto, coa asistencia da RTP, en para darlle cobertura á televisión e radio públicas de Galicia. Trátase dunha medida que parece recuperar a delegación de Porto pechada hai varios anos xunto cos outros centros de traballo.

Ausencia negociadora

O comité Intercentros criticou duramente a falla de diálogo da empresa cos traballadores no peche das delegacións o 30N e, sobre todo, as desafortunadas formas para aplicala, coa contratación de gardas xurados para impedir o acceso ao seu posto aos traballadores afectados, segundo fontes sindicais. O comité anunciou daquela que defendería os dereitos dos despedidos e denunciaría as carencias sobre o servizo público esencial que a medida producise.

A CRTVG non negociou nunca coa representación sindical a estrutura das delegacións, que só teñen unhas poucas prazas neses destinos aprobadas polo Consello de Administración, xa que o resto se corresponde con persoal indefinido como consecuencia da cesión ilegal ditaminada pola xustiza e o resto dos e das profesionais con praza fixa no centro de Traballo de San Marcos están desprazados/as nesas delegacións a través dunha mobilidade xeográfica

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2017 10:36
Nº Rexistro: 6541
Data envio: 14/03/2017 10:36:13.830

voluntaria temporal baixo a figura de adscrición provisional amparada no marco do anterior convenio colectivo, que remitía ao artigo correspondente do Estatuto dos Traballadores/as na materia, xa que o actual convenio en vigor obriga á existencia de prazas vacantes no destino para a cobertura de calquera adscrición provisional. Igualmente, debido á ausencia negociadora, o texto do actual convenio colectivo adía no seu articulado a unha negociación posterior para a celebración dun lexítimo concurso de traslados que poña en orde a situación. A demora da CRTVG en negociar tanto a estrutura das delegacións como o novo modelo de clasificación profesional, ao que está obrigada tanto por convenio colectivo como polo estatuto, impide a correcta xestión dos recursos propios e humanos para unha máis eficiente prestación da súa encomenda de servizo público esencial.

Por todo o exposto as deputadas asinantes facemos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión :

Ten pensado reabrir máis delegacións?

Por que non negocia coa representación sindical a estrutura das delegacións e o novo modelo de clasificación profesional?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2017 10:36
Nº Rexistro: 6541
Data envio: 14/03/2017 10:36:13.830

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 14/03/2017 10:35:33

Paula Vázquez Verao na data 14/03/2017 10:35:41

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 31.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 7137(10/POC-001238)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a información emitida o 24 de marzo de 2017 nos informativos do mediodía da CRTVG en relación cun veciño coruñés ao que lle entraron a roubar en varias ocasións nunha casa e lle agrediron a súa dona

Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 7137
Data envio: 27/03/2017 18:53:07.728

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**.

O 24/03/2017 os informativos de mediodía emitiron unha nova co seguinte titular: *Asáltanlle varias veces a casa e mallan na muller e na cadela*. A información refírese a un veciño coruñés ao que lle entraron roubar en varias ocasións nunha casa que non é a vivenda habitual. Porén, malia que a súa dona foi agredida, o protagonista da información é o home sendo a muller tratada case como unha parte máis da propiedade del.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRVTG:

1. Que opinión lle merece á Dirección Xeral da CRTVG a focaxe da nova e nomeadamente o titular?

2. Con que formación conta o cadro de persoal da CRTVG en materia de xénero?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 7137
Data envio: 27/03/2017 18:53:07.728

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Cantos obradoiros ou cursos de formación en materia de xénero e tratamento informativo da violencia machista ten desenvolvido a CRTVG en 2016? Cantos ten previsto desenvolver en 2017?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 27/03/2017 18:52:27

Noa Presas Bergantiños na data 27/03/2017 18:52:33

Ana Pontón Mondelo na data 27/03/2017 18:52:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 7137
Data envio: 27/03/2017 18:53:07.728

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/03/2017 18:52:43

María Montserrat Prado Cores na data 27/03/2017 18:52:46

Xosé Luis Bará Torres na data 27/03/2017 18:52:48

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 31.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 8125(10/POC-001418)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 3 máis

Sobre a decisión de suprimir a emisión do espazo informativo diario da TVG "O Agro"

Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 12:43
Nº Rexistro: 8125
Data envio: 20/04/2017 12:43:17.683

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Quinteiro Araujo, David Rodríguez Estévez e Paula Vázquez Verao, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para o seu debate na Comisión de Control da CRTVG.**

A Directora da TVG, Rosa Vilas, informou ao Comité de Empresa da RTVG o día 19 de abril de 2017 da supresión do espazo informativo diario "O Agro". Este programa emblemático para un sector estratéxico, levaba saíndo en antena a diario dende 1991, converténdose nun programa de referencia para todas aquelas persoas interesadas no noso medio rural.

O informativo "O Agro" presta un importante servizo público aportando información agraria, gandeira e alimentaria a produtores e consumidores. Entre esta información salienta a cotización diaria dos mercados galegos de gando, así como sobre novas técnicas agrarias ou xestión económica das granxas. Ademais leva en emisión desde 1991, sendo orgullo da televisión pública, que contou co respecto e cunha audiencia fidelizada de todo o sector.

Este programa está realizado por un equipo de profesionais de produción propia da TVG, que recibiron o recoñecemento da *Fundación de Estudios Rurales* coa entrega do premio “Esteban López Plaza de Periodismo y Comunicación 2010”. Os traballadores e traballadoras que sostiveron a dignidade do programa “O Agro” en todos estes anos, merecen o máximo dos respectos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 12:43
Nº Rexistro: 8125
Data envio: 20/04/2017 12:43:17.683

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

A dinámica que se está a dar nos últimos anos é a diminución cada vez maior na programación da TVG da produción propia, o que redunda na progresiva perda do carácter público desta canle, mentres se reduce o persoal. Como proba deste feito, segundo denuncia o sindicato CUT-RTVG, efectuouse o traslado dunha redactora deste programa a informativos.

Parece que unha das causas aducidas pola dirección da TVG para a súa supresión residiría na rebaixa nun 75% do financiamento que facía a este programa a Consellería de Medio Rural. Existe outro programa de información agraria, "A Labranza", mais a súa frecuencia é semanal e o seu formato, diferente, ofrecendo reportaxes amplas máis que información diaria. O noso agro precisa un espazo nos medios públicos á altura da súa importancia no tecido socioeconómico

Contemplamos con preocupación que se supriman espazos informativos de produción propia máxime cando, segundo recolle a Lei de Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia (2011), no seu Capítulo II, Principios de produción e programación, Artigo 34. Impulso da produción propia:

A Corporación RTVG impulsará a produción propia da súa programación, de forma que esta abranga a maioría dos programas difundidos nas canles xeneralistas, atendendo aos recursos materiais e humanos dos que dispoña.
Artigo 35. Realización e edición dos programas informativos
1. A Corporación RTVG non poderá ceder a terceiros a realización e edición de programas informativos e daqueloutros que expresamente determine o mandato marco.

Por estes motivos, En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 12:43
Nº Rexistro: 8125
Data envio: 20/04/2017 12:43:17.683

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

1. Considera a CRTVG que a emisión de programas de servizo público pode e debe depender de que reciban achegas das consellerías do ramo?
2. Non cre que é necesario protexer programas como "O Agro", fundamentais para cumprir coa súa obriga de servizo público?
3. Vai a CRTVG a exercer a súa responsabilidade social: o deber ético de manter este programa que se considera clave e amosar unha postura coherente desde a que cubrir este tipo de informacións?

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,
Paula Quinteiro Araújo
Davide Rodríguez Estévez
Paula Vázquez Verao
Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/04/2017 12:41:07

Paula Quinteiro Araújo na data 20/04/2017 12:41:24

David Rodríguez Estévez na data 20/04/2017 12:42:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2017 12:43
Nº Rexistro: 8125
Data envio: 20/04/2017 12:43:17.683

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Vázquez Verao na data 20/04/2017 12:42:25

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 31.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 8168(10/POC-001420)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a valoración da CRTVG en relación coa emisión desde o ano 1991 do programa "O Agro", as súas previsións respecto da súa eliminación da programación da TVG e, sé e o caso, as razóns desa decisión, así como a renovación do convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a súa emisión e a valoración da posibilidade de destinar espazos á posta en valor do medio rural entre as persoas máis novas

Publicación da iniciativa, 110, 04.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 8168
Data envio: 21/04/2017 14:08:18.300

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Luis Manuel Alvarez Martínez, José Manuel Pérez Seco e **José Antonio Quiroga Díaz**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**

O Agro é un microespazo da CRTVG, que leva en antena dende o 1991, que ofrece información sobre a actualidade agrogandeira, forestal, e natural de Galicia, así coma as últimas cotizacións dos mercados galegos de gando. Dito programa desenvólvese entre outros, a través dun convenio de colaboración entre a CRTVG e a Consellería de Medio Rural, que realiza unha achega económica para a emisión do mesmo.

O Grupo Parlamentario Socialista amósase preocupado polos crecentes rumores de que a CTVG ten previsto en próximas datas eliminar da programación da televisión pública galega este espazo vinculado a un sector produtivo estratéxico, e cunha identidade propia fondamente arraigada na poboación galega.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a CRTVG da emisión durante este tempo do programa O Agro?
2. Vai eliminar a CRVTG da programación da televisión pública galega o programa O Agro?
3. En caso afirmativo, cales son os motivos desta decisión?
4. Ten previsto a CRTVG renovar o convenio de colaboración coa Consellería de Medio Rural para a emisión do programa O Agro?
5. En caso afirmativo, cando se vai producir a renovación de dito convenio?
6. Valora a CRTVG a posibilidade de dedicar espazos a poñer en valor entre os máis novos o noso medio rural?

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Alvarez Martínez
José Manuel Pérez Seco
José Antonio Quiroga Díaz

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 8168
Data envio: 21/04/2017 14:08:18.300

Grupo Parlamentario

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 21/04/2017 14:02:24

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 21/04/2017 14:02:30

Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/04/2017 14:02:35

José Antonio Quiroga Díaz na data 21/04/2017 14:02:44

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 31.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 8183(10/POC-001423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto para o asinamento do contrato programa da CRTVG reflectido na Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, así como os datos referidos á programación da grella da Televisión de Galicia e da Radio Galega que depende de convenios e/ou subvencións asinados ou procedentes dalgunha administración pública

Publicación da iniciativa, 110, 04.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 11:31
Nº Rexistro: 8183
Data envio: 24/04/2017 11:31:30.424

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre o desenvolvemento da Lei 9/2011 e a sinatura do Contrato Programa na CRTVG

Exposición de motivos

A posíbel desaparición do espazo O Agro inserido no programa A Revista que a TVG emite en horario de mañá de luns a venres, sitúa de novo riba da mesa a problemática estrutural que atinxe a CRTVG.

Segundo transcendeu publicamente a desaparición deste microespazo da grella, con contidos de actualidade e información relacionada co sector agrogandeiro galego, devén da perda de orzamento por parte da TVG ao desaparecer a subvención proporcionada pola Consellaría de Medio Rural coa que se financiaba, nun 75% O Agro.

A Lei 9/2011 --aprobada hai seis anos-- prevé no artigo 33 a sinatura dun Contrato Programa por un período de tres anos de duración. Esta ferramenta abrangue "o desenvolvemento e a concreción, para todas e cada unha das súas canles, dos obxectivos da función de servizo público encomendados á Corporación RTVG" incluíndo "de xeito expreso":

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 11:31
Nº Rexistro: 8183
Data envio: 24/04/2017 11:31:30.424

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) As achegas con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia destinadas a compensar a Corporación RTVG pola prestación do servizo público de radio e televisión.

b) Os medios para a adecuación e actualización do custo das actividades e dos obxectivos acordados ás variacións do ámbito económico, garantindo sempre o cumprimento do mandato marco e o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

c) Os obxectivos da política de eficiencia, rendibilidade, produtividade, persoal ou reestruturación técnica, así como os métodos indicadores da súa avaliación e a forma de render conta deles, que desenvolverá a Corporación RTVG no exercicio da misión de servizo público.

d) Os contidos de servizo público que deban emitirse pola Corporación RTVG, que deberán concretar as porcentaxes de xéneros de programación.

e) Os efectos que haberán de derivarse do incumprimento dos compromisos acordados.

f) O control da execución do contrato programa e dos resultados derivados da súa aplicación.

Así mesmo, a Lei prevé unha comparecencia anual das persoas responsábeis da Xunta para informar en sede parlamentar da execución e grao de cumprimento do Contrato Programa.

Porén, este nunca foi subscrito.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 11:31
Nº Rexistro: 8183
Data envio: 24/04/2017 11:31:30.424

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A CRTVG é un servizo público polo que a súa programación debe ser planificada estratexicamente concretando, asemade, os orzamentos que sosterán os seus contidos en base ao modelo mixto de financiamento que a lexislación prevé para a Corporación (fondos públicos a cargo dos Orzamentos da Xunta e privados obtidos da venda de espazo publicitario).

Neste senso, non debe depender a continuidade ou desaparición dos contidos que compoñen a grella da vontade puntual dunha consellaría ou da persoa que ocupe a súa responsabilidade nun momento concreto. Como tampouco o persoal adscrito á CRTVG debe ocupar unha función ou outra en virtude do momento senón das necesidades que exixa unha programación planificada e o servizo público que a radio e televisión pública de Galiza ofrece ao conxunto do pobo galego.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

-Por que non se ten subscrito até o momento o Contrato Programa da CRTVG previsto na Lei 9/2011?

-Estase a traballar desde o Consello de Administración da CRTVG na elaboración deste Contrato Programa que desenvolva e concrete os criterios recollidos na Lei 9/2011 e no Mandato Marco aprobado en 2015?

-Cando pensan subscribir o Contrato Programa como exixe a Lei 9/2011?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 11:31
Nº Rexistro: 8183
Data envio: 24/04/2017 11:31:30.424

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Canta da programación que conforma a grella da TVG depende de convenios e/ou subvencións asinados ou procedentes dalgunha administración pública? E da Radio Galega?

-Que criterios rexen estes acordos? Por que períodos de tempo e que cantidades económicas abranguen?

-Como condicionan estes acordos a programación da CRTVG?

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/04/2017 11:27:53

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 11:31
Nº Rexistro: 8183
Data envio: 24/04/2017 11:31:30.424

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 24/04/2017 11:27:59

María Montserrat Prado Cores na data 24/04/2017 11:28:02

Ana Pontón Mondelo na data 24/04/2017 11:28:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/04/2017 11:28:05

Xosé Luis Bará Torres na data 24/04/2017 11:28:06

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 31.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 8663(10/POC-001530)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre a valoración da CRTVG en relación co desenvolvemento e resultados da iniciativa "Destino Santiago", a través da cobertura en directo, durante corenta días, da peregrinación dunha cantante e dun músico polo Camiño Francés desde Roncesvalles a Santiago de Compostela, así como as súas previsións respecto do desenvolvemento de novos proxectos dentro deste formato denominado "televisión lenta"

Publicación da iniciativa, 113, 11.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 17:41
Nº Rexistro: 8663
Data envio: 04/05/2017 17:41:46.634

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Silvestre José Balseiros Guinarte, Jacobo Moreira Ferro,Moisés Rodríguez Pérez,Guadalupe Murillo Solís e Aurelio Nuñez Centeno, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación de RTVG.**

Destino Santiago constitúe a primeira experiencia desenvolvida pola CRTVG da denominada televisión lenta. Un formato innovador que, a grandes trazos, consiste en cubrir de xeito intensivo e global un acontecemento. Neste caso concreto supuxo a cobertura en directo e durante 40 días da peregrinación realizada pola cantante Lucia Pérez e o músico Tonhito de Poi pola Camiño Francés, dende Roncesvalles a Santiago de Compostela.

En relación con este asunto, os deputados e deputadas abaixo asinantes formulan as seguintes Preguntas Orais en Comisión:

-Que valoración fai a CRTVG do desenvolvemento e resultado da iniciativa *Destino Santiago*?.

-A CRTVG ten previsto desenvolver novos proxectos dentro deste formato denominado televisión lenta?.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2017 17:41
Nº Rexistro: 8663
Data envio: 04/05/2017 17:41:46.634

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Raquel Arias Rodríguez na data 04/05/2017 17:38:55

Maria Antón Vilasánchez na data 04/05/2017 17:39:27

Silvestre Balseiros Guinarte na data 04/05/2017 17:39:34

Jacobo Moreira Ferro na data 04/05/2017 17:39:50

Moisés Rodríguez Pérez na data 04/05/2017 17:40:10

María Guadalupe Murillo Solís na data 04/05/2017 17:40:22

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 04/05/2017 17:40:36

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com